

DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por **Resolución de Presidencia número 54519 de 30 de decembro de 2022.**

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

**O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O REPRESENTANTE DO CONCELLO DE
COIRÓS**

Asdo.: D. Xosé Luis Penas Corral

Asdo.: Francisco Quintela Requeijo

**A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. Dna. Amparo Taboada Gil



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

CONCELLO DE COIRÓS

Número 35 /2023

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO “CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO ENTORNO FLUVIAL DO RIO MANDEO (2023)”, SITUADO NO LUGAR DE CHELO (COIRÓS), NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO” COFINANCIADO POR FONDOS FEDER

Na Coruña, a 20 de abril de 2023

Ante mín, Dna. Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte D. Xosé Luis Penas Corral, en representación da Deputación Provincial da Coruña e doutra D. Francisco Quintela Requeijo, en representación do Concello de Coirós

Os comparecentes interveñen no uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas e,

EXPOÑEN

1º.- Que é interese coincidente da Deputación e do concello promover o desenvolvemento da conca do río Mandeo no ámbito territorial de cada unha das administracións actúantes, de acordo cos obxectivos e contidos do proxecto denominado “Mandeo. Posta en valor da conca fluvial. 1ª Fase río Mandeo” cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, en virtude da Resolución de 13 de xuño de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial

2º.- Que unha vez executadas pola Deputación Provincial as obras e instalacións do proxecto emprazadas no termo municipal de Coirós, ambas as institucións coinciden na conveniencia de abrir as canles de colaboración para a posta en valor do conxunto.

3º.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor do Centro de Interpretación do Entorno Fluvial do Río Mandeo, situado no lugar de Chelo (Coirós), a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coirós acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Coirós CIF P1502700F, poe medio do cal a Deputación Provincial da Coruña encomenda ao Concello de Coirós, a xestión integral do Centro de interpretación do entorno fluvial do Río Mandeo situado no lugar de Chelo, no ámbito territorial deste concello, durante o ano 2023.

SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE COIRÓS

- 1. O concello de **Coirós** fará constar en todas as actividades, programas, folletos e carteis, etc., o **financiamento da Deputación** Provincial da Coruña.
- 2. O Concello de Coirós achegará o persoal necesario para a atención a visitantes do Centro de interpretación do entorno fluvial do Río Mandeo durante o periodo de imputación de gastos que figura na cláusula CUARTA do convenio. O Concello porá en funcionamento o centro e encargarse das visitas que se reciban.
- 3. O Concello de Coirós comprométese á apertura do centro de acordo cos horarios que se establecen na cláusula TERCEIRA e **elaborará unha estatística de visitas mensual e de xeito obxetivo e valorable.**

TERCEIRA: ATENCIÓN DE VISITANTES E HORARIO

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do establecido na Lei 9/2017 de 8 e novembro de contratos do Sector Público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá creación de relación laboral algunha coa Excma. Deputación provincial da Coruña.
O Concello de Coirós comprométese á apertura do centro de acordo cos seguintes horarios, que poderán ser modificados por razóns organizativas:

DESDE 1 XANEIRO ATA 31 DE DECEMBRO 2023	
Venres	De 10h a 13h e de 16h a 19h
Sábado e domingo	De 10h a 13h e de 16h a 19h
Luns a xoves e festivos	Pechado

CUARTA: OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

- 1. A Deputación Provincial da Coruña abonará ao concello de Coirós, o importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, ata un máximo de 16.286,14 euros, durante a anualidade de 2023, do 1 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2023 con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3336/22609, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.
- 2. No caso de que os gastos xustificados non cubertos con ingresos da actividade, foran superiores, a aportación provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na cláusula 4ª do convenio.
- 3. Aboarase de conformidade co disposto na cláusula 5ª do texto do convenio.
- 4. A Deputación da Coruña asume o seguinte compromiso e obriga “Garantir o correcto estado de conservación das obras e instalacións executadas e polo tanto o cumprimento do artigo 57 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no referido á invariabilidade das operacións”.

Artigo 57.O Estado membro ou a autoridade de xestión garantirán que unha operación unicamente reteña a contribución dos Fondos se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu fin, ou antes de tres anos, unha modificación substancial:

- a) *que afecte á súa natureza ou ás súas condicións de execución ou que otorgue a unha empresa ou a un organismo público vantaxes indebidas,e*
- b) *que se derive dun cambio na natureza da propiedade*

QUINTA: FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Coirós a achega correspondente da seguinte maneira con arranxo á seguinte desagregación:

- Efectuaranse pagos trimestrais, polo importe correspondente ao 100 % dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos.
- En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado.
- Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida pola Secretaria co visto e praxe do Alcalde-Presidente do Concello de Coirós.
- Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.
- Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.
- Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Coirós deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.
- Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.
- O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.
- O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovle e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovle seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

OITAVA: VIXENCIA

- 1. O prazo de vixencia do presente convenio exténdese **desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de marzo de 2024.**
- 2. As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023, e terán que estar xustificadas 1 mes antes do vencemento do periodo de vixencia do convenio.
- 3. Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio presupuestario.

NOVENA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicárase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.